

¡Lévaos á praia!

- EDITORIAL: Pensar globalmente,
actuar localmente ... páxina 2
- ESPACIOS: Lagoa de Sobrado:
acordo de xestión páxina 3
- BREVES: Atún e golfinhos; Arao;
Eume - hora para actuar;
¡OLLO! Sectas perigosas ... páxina 3
- CENSO DE AVES INVERNANTES 1992
Resultados páxina 4
- PASATEMPOS VERANEOS páxina 5
- ARTIGO: Un plan forestal para as celulosas páxina 6
- O TABOLEIRO, máis
DELEGACIÓNS e LIBROS páxina 7

editorial

A conferencia de Río, a protección de Corrubedo, a Lei de Pesca Fluvial, a aprobación do Plan de Residuos Sólidos Urbanos para Galicia, o remate da moratoria na caza de baleas (Noruega reanudou a caza e Islandia abandonou a C.B.I.), a morte do admirado profesor Bermejo, a aprobación parlamentaria do Plan Forestal, as Xornadas sobre Conservación dos Bosques Atlánticos, os verquidos de Lugo ó Miño, a manifestación contra a celulosa de Pontevedra, a concesión do Premio Nacional de Medio Ambiente ó conxunto de organizacións ecoloxistas españolas ... ¡tantas cousas nos derradeiros dous meses!

A Cumbre da Terra, celebrada en Río con asistencia de 51 Presidentes e 33 Primeiros Ministros defraudou, quedando nunha cerimonia propagandística para países especuladores-armamentistas-consumistas: velaf ós EEUU (o 5% da poboación mundial, que consume o 25% da enerxía e produce o 23% do CO₂ do planeta) e ó seu Presidente, que pretendeu pasar como o maior ecoloxista do mundo pero boicoteou o Tratado sobre Biodiversidade. Pero é que a vinte anos da Conferencia de Estocolmo a situación mundial empeorou considerablemente:

- **Atmósfera:** Buratos na capa de ozono, contaminación dobre á de entón, efecto invernadoiro e cambio climático, estimándose en 10.000 veces a velocidade dos cambios anteriores.

- **Cuberta vexetal:** Perda do 20% do bosque tropical (que alberga ó 70% das especies vivas) e do 10% dos bosques do planeta (50% dos de Alemaña, 70% dos de Checoslovaquia, por exemplo, polas chuvias ácidas).

- **Biodiversidade:** Entre 40 e 300 especies desaparecen cada día, o que significa multiplicar por 1.000 o ritmo de desaparición natural.

- **Especie humana.** 1.000 millóns máis de habitantes. Renda per cápita anual de 1.500.000 pts e expectativa de 75 anos nos países industriais fronte ás 25.000 pts e 45 anos do Terceiro Mundo, esta cunha débeda externa que o obriga a degrada-lo seu patrimonio natural. Continua perda da diversidade cultural.

Aínda así, para Joaquín Araujo (Lalín, 16-7-92) "os ecoloxistas de todo o mundo conseguimos sentar ós líderes mundiais xuntos e que, malia que fose só por un día, raptaran a filosofía ecoloxista e a dixeran como propia".

Mentres, en Galicia, 20.000 millóns recaudados de todos nós van ser destinados polo goberno autonómico para incinerar re-

siduos urbanos. A xestión corresponde a unha empresa mixta de recente creación que responde ó nome ¡agárrense! de Sociedade Galega de Medio Ambiente. Para acalar críticas prométese - logo xa veremos - a máxima reciclaxe de materias (vidro, papel, metais férricos e non férricos, plásticos ríxidos, áridos). Nótese a sutileza da Xunta encargando plans (léase comprando) a especialistas que non nomearemos aquí. Volvendo ós R.S.U., son moitos os millóns previstos, pero non sabemos que se destine unha cantidade sustanciosa (xa non diremos ca outro tanto) para a educación da poboación no aforro enerxético e de materias primas. Diante destas obras faraónicas preguntémonos: ¿que porcentaxe corresponde a alguén da Administración do mesmo modo que un alcalde percibe unha parte das obras realizadas no concello? ¿Non existe un risco de que a decisión para a utilización dunha ou outra tecnoloxía dependa, en última instancia, da concesión de "beneficios", práctica habitual no mundo empresarial, aínda que de difícil demostración?

Encol do Plan Forestal conste ante todo, para que saibamos quen nos represente, que foi aprobado polo Parlamento galego coa anunciada ausencia do Bloque (logo de calificalo de fraude), a abstención - como Pilatos - de Esquerda Galega - Coalición Galega e os votos favorables do PP e do PSOE. Non é casualidade esta harmonía dos partidos maioritarios, servidores uns do capital e atados os outros á CEE, que ven sendo o mesmo. Á desfeita cultural dos tempos da ditadura segue, en pleno paraíso da democracia, a nosa desfeita ecolóxica. Apróbase o Plan sen o pretendido beneplácito social, antes ben coa manifesta oposición dunha grande parte da sociedade e coas críticas profesionais do Colexio de Enxeñeiros Agrónomos e especialistas da Universidade. Quéixanse os políticos do desprestixio das institucións: ¿Como ía ser doutra forma? ¿A quen representan cos seus intereses de partido?

Abonda. Cada segundo 200 toneladas de contaminantes alcanzan a atmósfera mentres alguén se lucra con elo. Abonda xa de esperar de xoga-lo xogo de buscar datos, enviar informes, redactar proxectos; pensar globalmente, actuar localmente. O futuro da nos terra pequena, Galicia, o futuro da nosa terra grande, o planeta, depende de cada un de nós. No tempo de ler estas liñas os deserto aumentou en 10 km². Critiquemos, arrinquemos, denunciemos ... ¡actuemos!

A SGHN é ... unha entidade independente, formada en 1973, dedicada á investigación, divulgación e protección do medio ambiente galego. Ten ó redor de 1000 socios. ¿E que facemos?

Investigación: censos de aves invernantes, de mamíferos mariños, de vertebrados en xeral (para o Atlas de Vertebrados de Galicia), de insectos ...

Divulgación: voceiros sobre itinerarios naturais e temas como o lobo e os incendios, charlas e cursiños e programas de educación ambiental na escola ...

Protección: un esforzo continuo de denuncias e campañas en contra da destrución vertixinosa que está a sufrí-lo medio ambiente galego ...

A SGHN forma parte da CODA (a federación estatal de grupos de defensa da natureza) e da Asamblea de Grupos Ecoloxistas e Naturalistas de Galicia. Ten o nº 264/c-000/382 no Rexistro de Asociacións Culturais Galegas e figura no folio nº 11 do Rexistro de Asociacións Protectoras do Medio Ambiente.

Se queres saber máis, estamos na ...

Rúa da Oliveira, 4 - 2º, SANTIAGO (Apdo. 330)

con delegacións en:

A Coruña - Apdo. 825

Ferrol - Méndez Núñez 11 (Apdo. 356)

Noia - Apdo. 72

Ourense - Apdo. 212

Padrón - Apdo. 16

Vilagarcía - Apdo. 303

¡FAITE SOCIO! - véxase a contraportada



PASPALLÁS é o boletín bimensual da SGHN, pero as opinións expresadas nel (á parte da editorial) non son necesariamente as da xunta directiva da asociación.

Colaboran neste número: Araceli Hidalgo Cortijo, Francisco Carballo Benito, Bernardo Carvía, Agustín Alcalde, Guy Norman, Carmiña Noya Rey, Xose Manuel Penas Patiño. Gracias tamén ó Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela pola súa desinteresada colaboración.

Impreso en papel reciclado

por Tórculo, Santiago.

Dep. Leg. C 1590/91; I.S.S.N. 1132-0567

A SECTA MÁIS PERIGOSA

Chámase a Fundación Águila Real. Remiten panfletos polos colexios, últimos panfletos de propaganda para o "II Concurso Escolar sobre el Medio Ambiente" baixo o lema "El Papel de la Naturaleza". Piden traballos de redacción ou pintura relacionados coa protección da natureza. ¡Premios gordos! ¡Viaxes a Disney World! "Debemos enseñar a conocer y respetar la ecología y el medio ambiente, para poder disfrutar de un futuro más limpio y sano," din.

¿A forza progresista tras todo isto? Non busques nos panfletos, porque non o pon. É nada menos que Torrespapel S.A., financeira e donos maioritarios de Eurogalicia Forestal.

Tes permiso para vomitar.



jollo profes!

EUME: FUTURO INCERTO

Segundo testemuñas presenciais, as Xornadas Internacionais sobre a Conservación dos Bosques Atlánticos, presentadas no Pazo de Mariñán a principios de xullo, foron un gran éxito. Tras intervencións por parte de especialistas variados no tema, o centro de interese foi a presentación por parte de Carlos Vales (secretario de ADEGA e organizador das xornadas) do Plan de Protección da Fraga do Eume. O plan implica a protección e xestión racional dunha superficie total de 40.000 Ha (a superficie actualmente - e moi teoricamente - recoñecido como espacio natural abrangue unhas 1.400 Ha) e propón a declaración da zona como Reserva da Biosfera.

Os representantes da Xunta estaban alí, por suposto, dicindo estar totalmente de acordo ... agora veremos se teñen a vontade política necesaria para actuar, en vez de facela propaganda vacía de sempre. Xa saben todos a excepcional importancia desta zona para a conservación da natureza en Galicia. Pero fan falta uns 2.000 millóns para a compra de terreos e unha xestión adecuada. A Caixa de Galicia apoiou as Xornadas ...

ATÚN MANCHADO

Cinco conserveras españolas néganse a asinar o convenio "Dolphin safe" de ADENA, dirixido ó abandono daqueles artes de pesca do atún que causan a morte de golfinhos. Un portavoz da Asociación Nacional de Conserveros, que representa ás cinco conserveiras (Escurís, Friscos, García López, Garavilla e Luis Calvo), dixo que "a responsabilidade directa da morte de golfinhos é do armador, porque nós non somos os que pescamos atún."


A campaña, iniciada por ADENA e o Fondo Mundial para a Natureza e presentada en Vigo o día 1 de xullo, conta co apoio da industria conserveira/atuneira en xeral. Segundo explicou o representante de ADENA Ezquiel Navío, o problema reside sobre todo na pesca do atún claro o *yellowfin* no Océano Pacífico. Os barcos adoitan detecta-la presenza dos atúns polo rastro dos golfinhos, xa que normalmente as manadas de atúns lles seguen por debaixo. Nalgúns casos a técnica de pesca consiste no cerco intencionado dos golfinhos como indicadores da posición dos atúns. Intencionado ou non, o arte de cerco na pesca do atún claro implica a morte de entre 23.000 (segundo cifras "oficiais") e 500.000 golfinhos o ano (segundo cifras de ADENA).

A nivel internacional, un 85% das empresas implicadas xa abandonou a técnica do cerco. Segundo Ezquiel Navío, a actitude española, ata agora negativa, levou á prohibición da comercialización de conservas españolas en EEUU. O representante de ADENA tamén comentou que se esperaba nas vindeiras semanas a chegada a un porto galego, posiblemente Vilagarcía, dun barco mexicano cargado con atún claro pescado pola técnica de cerco.

Cabe destacar que a empresa "La Onza de Oro", pese á súa pertencencia á "Asociación Nacional de Conserveros", asinou o convenio "Dolphin safe". Pero o portavoz de dita Asociación, mentres tanto, segue desmentindo que merquen atún "contaminado con sangue de golfinhos". Se é así, nos preguntamos, ¿por qué non asinan o convenio?

ARAOS E TRIDÁCTILAS

Segundo as primeiras novas chegando de consocios nosos que estaban nas Sisargas, parece que este ano houbo nove adultos de arao *Uria aalge*. Alí tamén anelaron a 14 gaiivotas tridáctilas *Rissa tridactyla*, das cales 2 xa levaron anelas da Bretaña francesa.



espacios: a Lagoa de Sobrado

Tras negociacións entre a S.G.H.N. e a Comunidade Relixiosa de Padres Cistercienses da Estreita Observancia do Mosteiro de Sobrado, asinou se recentemente un acordo polo que se cede a S.G.H.N. con carácter gratuito e por un prazo de 10 anos a Lagoa de Sobrado para a súa xestión con fines conservacionistas e de educación ambiental.

Para os que non a coñecedes, trátase dunha lagoa artificial de pouca profundidade e con tendencia á colmatación, no nacemento do Tambre. Ten unha superficie total de 9,5 Ha: a Sociedade xa púxose en contacto co Presidente da Asociación de Caza local, para acordala protección das xunqueiras e pradeiras que a rodean. Ten asociacións de plantas flotantes de especial interese, pero é máis coñecido polos seus paxaros: está citada a cría da cerceta do estío, *Anas querquedula*, e ten importancia para a invernada de anátidas. Hai *Chioglossa lusitanica*, a pintiga ou salamántiga, e londra.

A lagoa é Refuxio de Caza: como ben se sabe, unha fórmula de "protección" que, en realidade, non quere dicir moito. Actualmente, o estado de conservación do espacio é relativamente bo e, en comparación coa maioría de espacios húmidos galegos, non sofre ameazas fortes: pero isto hai que matizalo, recordando por exemplo o escandaloso incidente de caza furtiva que ocorreu a principios da pasada temporada de caza (e ben denunciado no seu momento polo grupo coruñes Arco Iris).

A cesión da xestión deste espacio é, evidentemente, tanto un honor para a Sociedade como unha responsabilidade moi seria. Nestes momentos, estase a estudar a creación dun patronato para encargarse da xestión da Lagoa, e para decídi-los seguintes pasos a tomar. ¡Máis detalles máis adiante! Mentres tanto, se alguén (da Sociedade ou non) ten especial interese na Lagoa de Sobrado - sobre todo, se vives nesta comarca - ponte en contacto connosco.

Breves.breves.breves

censo de aves invernantes 1992



Aquí presentámoslos datos do censo deste ano referidos a Galicia enteira, sen dar detalles das cifras por zona, xa que antes de finais do ano esperemos sacalos datos de tódolos anos desde que comezaron os censos da SGHN. A cobertura do censo non foi todo o completa que os derradeiros anos xa que no presente exercicio quedaron sen censar lugares tan importantes como a ría de Ribadeo, o que conleva por exemplo o descenso aparente no número de *Anas acuta*: esta ría constitúe o lugar máis importante de invernada desta especie en Galicia. En canto os resultados en si, hai que destacar o número anormalmente alto de *Branta bernicla*, que posiblemente foi debido as adversas condicións climatolóxicas imperantes no norte de Europa. Como característica das condicións climatolóxicas deste ano nas datas do censo temos que falar da escasez de precipitacións e as frecuentes e intensas xeadas. Finalmente hai que reseñar que nos totais do presente censo non refléxanse os resultados dos láridos e álcidos pola desigual atención prestada polos colaboradores a estes dous grupos.

PATOULA <i>Gavia stellata</i>	1
MOBELLA <i>Gavia immer</i>	1
SOMORGULLO PEQUENO <i>Podiceps ruficollis</i>	273
SOMORGULLO ORELLEIRO <i>Podiceps nigricollis</i>	4
SOMORGULLO CRISTADO <i>Podiceps cristatus</i>	173
ANSAR CINCENTO <i>Anser anser</i>	9
GANSO CABECINEGRO <i>Branta bernicla</i>	75
GANSA BRANCA <i>Tadorna tadorna</i>	1
ALAVANCO REAL <i>Anas platyrhynchos</i>	4.791
PATO ASUBIÓN <i>Anas penelope</i>	602
PATO CINCENTO <i>Anas strepera</i>	76
PATO CARETO <i>Anas acuta</i>	218
PATO CULLERETE <i>Anas clypeata</i>	902
CERCETA REAL <i>Anas crecca</i>	2.054
PARRULO CHUPÓN <i>Aythya ferina</i>	1.138
PARRULO CRISTADO <i>Aythya fuligula</i>	1.927
PARRULO FERRUXENTO <i>Aythya nyroca</i>	1
PARULLO CABECINEGRO <i>Aythya marila</i>	3
MERCO CRISTADO <i>Mergus serrator</i>	56
PARRULO PENTUMEIRO <i>Melanitta nigra</i>	528
DEMO NEGRO <i>Fulica atra</i>	789
GALIÑA DO RÍO <i>Gallinula chloropus</i>	218
GARZA REAL <i>Ardea cinerea</i>	634
GARZOTA <i>Egretta garzetta</i>	172
ESPÁTULA <i>Platalea leucorhodia</i>	13
MASCATO <i>Sula bassana</i>	141
CORVO MARÍNO REAL <i>Phalacrocorax carbo</i>	1.265
CORVO MARÍNO CRISTADO <i>P. aristotelis</i>	114
GAVITA <i>Haematopus ostralegus</i>	926
PÍLLARA REAL <i>Charadrius hiaticula</i>	290
PÍLDORA DOURADA <i>Pluvialis apricaria</i>	374
PÍLDORA CINCENTA <i>Pluvialis squatarola</i>	1.314
AVEFRÍA <i>Vanellus vanellus</i>	818
PÍLDORA RAIADA <i>Arenaria interpres</i>	73
PILRO CINCENTO <i>Calidris maritima</i>	17
PILRO CURBILICO <i>Calidris alpina</i>	6.997
PILRO GROSSO <i>Calidris canutus</i>	6
PILRO BULEBULE <i>Calidris alba</i>	13
BILURICO PATIROXO <i>Tringa erythropu</i>	5
BILURICO ALILUXADO <i>Tringa totanus</i>	477
BILURICO PATIVERDE <i>Tringa nebularia</i>	84
BILURICO ALINEGRO <i>Tringa ochropus</i>	8
BILURICO BAILÓN <i>Tringa hypoleucos</i>	65
AGULLA COLINEGRA <i>Limosa limosa</i>	406
AGULLA COLIPINTA <i>Limosa lapponica</i>	1.719
MAZARICO CURLÍ <i>Numenius arqueta</i>	622

MAZARICO GALEGO <i>Numenius phaeopus</i>	68
BECACINA CABRA <i>Gallinago gallinago</i>	78

AVES RARAS

CIÑO REAL <i>Cygnus olor</i>	1
GANSA FERRUXENTA <i>Tadorna ferruginea</i>	3
PORRÓN OSCULADO <i>Bucephala clangula</i>	2
HAVELDA <i>Clangula hyemalis</i>	8
GARZA GRANDE <i>Egretta alba</i>	1
CANDO MAR <i>Gavia arctica</i>	3
GARZA MEDIANA <i>Bubulcus ibis</i>	7
SOMORGULLO REAL <i>Podiceps auritus</i>	2

Colaboraron no censo deste ano:

Armando García Rivas
 Alvaro Fernández Polo
 Cristobal García Nores
 Xan Rodríguez Silvar
 Carlos Rei Gómez
 Xosé Carlos Rei Raño
 Xosé Manuel Penas Patiño
 Xan Santamaria Camean
 Clara Penas Patiño
 Josu Saenz de Urturi
 Miguel Ferrer Carmona
 Ramon Abalo
 Xosé Manuel Tubio
 Emilio Martínez
 Xaquín Rodríguez Pomares
 Carlos Caramelo
 Angel Torreiro
 Xosé Agustín Alcalde Lorenzo
 Alvaro Rodríguez Pomares
 Xosé Lois Rei Muñiz
 Carmen Noya Rey
 Pilar Noya Rey
 Francisco Carballo Benito
 Rodolfo Blanco García
 Serafín J. González Prieto
 Berta González Morgade
 José M. Pérez Pérez
 M^a Pilar Álvarez Losada



Antonio Villarino Gómez
 Celso Nieto Pérez
 Marcos M. Frean Hernández
 Isabel Álvarez Balvis
 Iago Villarino Fernández
 M^a Jose Santana Nogueira
 Manuel Bellon Vilela
 Juan Díaz da Silva
 Gregorio Freire Piñeiro
 Víctor Fiejo Revilla
 Francisco Docampo Barrueco
 David Tain Guzman
 ... tamén colaboraron Emilio Martínez e o Colectivo Ecoloxista do Salnés.





¡pasatempos do verán!



¡Colle cravos e martelo! ¡Ten que haber uns anacos de madeira por aí! ¡Non é tan difícil facer unha CAIXA NIÑO para o ano vindeiro!



¡AXÚDANOS! Este mapa mostra a distribución en Galicia dunha especie de ave. ¡Pero non sabemos cal! ¡Ti tes algunha idea?




¡PAXAROS REVOLTOS!

Aquí tedes os nomes de 10 paxaros das marismas de Galicia. Pero hai que ordeá-los.

ligaña ed oir
olpuarr onpuch
oivagat onochar
sconxaupic
bcestraine asd sarveicnaa

norcsa
farivea
ccbiaane
ñapiar alprale
zagra lear



Por se se pensara que a recente aprobación (neglixente, escandalosa e claramente comprada) do Plan Forestal quere dicir que non se fale máis do tema, aquí reproducimos unha traducción ó galego dun artigo da periodista Ana Hernando, da sección "Investigación y Desarrollo" da revista Cinco Días do día 2 de xuño 1992...

O Plan Forestal de Galicia dado a coñecer recentemente pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta é un proxecto de explotación madeirera a medida das celulosas. Segundo varios inxenieiros de montes consultados, este 'suposto plan forestal' que pretende converter a Galicia nun prazo de corenta anos nun monocultivo de especies de crecemento rápido (eucaliptos e piñeiros) e que a Xunta asumiu como seu, foi elaborado pola consultora Sesfor, vinculada ós principais produtores de celulosa da zona.

O proxecto foi elaborado directamente polas industrias do sector en Galicia

Un plan forestal para as celulosas

Segundo puido saber CINCO DÍAS, o grupo Sesfor (Estudios e Iniciativas Forestales), que elaborou o Plan Forestal de Galicia, asumido como propio pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, está directamente vinculado coa Asociación para o Progreso Forestal de Galicia (APF), unha das principais impulsoras dos cultivos madeireros de piñeiros e eucaliptos na comunidade autónoma galega, como fonte de materias primas para a industria da celulosa.

Este plan forestal prevé unha inversión para o quinquenio 1993 - 1997 de 125.346 millóns de pesetas. A cifra que se calculou para os 40 anos de duración total do plan ronda os dous billóns de pesetas.

En opinión de Antonio Villarino, da Sociedade Galega de Historia Natural, a pesar de que se trata dun plan totalmente orientado á explotación madeirera, que vai beneficiar moi directamente ó sector forestal, no primeiro quinquenio o capital privado só vai supoñer un 19% e o 36% do total nos 40 anos de duración do plan. O resto terá que ser aportado pola Xunta de Galicia, o Estado español e a CE.

"Trátase dun plan eminentemente productivista e feito en función dos intereses da industria forestal. Segundo os datos aportados polo propio plan, o 92,7% do presuposto estará orientado a obter beneficios económicos do monte, mentres que unicamente un 4,3% terá un fin ecolóxico e só un 3% estará destinado a fins sociais." A isto hai que engadir que as axudas ó sector forestal constitúen unha partida presupostaria tan importante como a destinada pola Xunta á adquisición de terreos considerados *espacios sensibles*

de interese ecolóxico.

O plan deseñado para Galicia, sinala Antonio García Abril, da Escola de Inxenieiros de Montes, está en liña coa política forestal que se levou en España durante décadas e que non foi outra cousa que cultivos madeireiros disfrazados de plans forestais, utilizando para elo plantacións de crecemento rápido, sobre todo coníferas e especies exóticas como os eucaliptos, que empobrecen e degradan o solo, para o seu posterior uso na industria de celulosa en vez de realizar plantacións de especies autóctonas de crecemento máis lento.

Segundo Ramón Varela, catedrático de Ciencias Naturais e presidente da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA), no plan prevese que as coníferas ocupen unha superficie do 53% da extensión arborada e os eucaliptos preto dun 18% da superficie forestal, quedando o 29% restante para as especies caducifolias. Unha porcentaxe que considera moi escasa.

"Estas medidas supoñerán unha importante perda de diversidade biolóxica e faunística - subraia o catedrático - dado que se pretende implantar explotacións en monocultivo e en masas regulares. As especies degradadoras do solo como os eucaliptos provocarán unha maior erosión do solo, que en algunhas zonas xa comeza a ser moi grave."


Erro histórico


Para Antonio Villarino, a planificación do monte orientado hacia os cultivos selvícolas monoespecíficos supoñerá repeti-lo erro histórico das repoboacións forestais realizados polo "Patrimonio Forestal del Estado" e o Icona. "Únicamente a selvicultura *en mosaico*, con masas intercaladas de distintas especies frondosas e coníferas, pode frena-lo avance das pragas (cos seus graves problemas fitosanitarios e económicos) e o lume".

Con este plan baseado en piñeiros e eucaliptos "incrementarase en número e intensidade os incendios forestais, nos que Galicia xa está á cabeza no só en relación co resto do Estado español, senón de Europa. Nos últimos 20 anos ardeu un total de 550.000 hectáreas de arborado", sinala Varela.

Asimismo, agrega, preténdese adicar o 46% do territorio galego a monte productivo (1.388.964 hectáreas), cando ningún país da CE ten un índice tan alto. "O intento de adicar unha porcentaxe tan elevada do territorio galego á produción de madeira barata e de baixa calidade choca con cualquera análise minimament científico, xa que os últimos estudos edafolóxicos realizados na Universidade de Santiago sinalan que as 3/4 partes do territorio é apto para cultivos herbáceos e pradeira, polo que este plan supón un desaprovechamento dos recursos naturais ó no teren en conta a produtividade e potencial do territorio."

O feito de promover na actualidade este tipo de plantacións de crecemento rápido "indica unha nula visión do futuro, xa que este tipo de cultivos de piñeiro e eucaliptos está sendo implantado mesmo en países tropicais, co que pronto se chegará a unha saturación no mercado e o que verdadeiramente escaseará serán as madeiras de calidade", subraia García Abril.





LIBROS

Moitos dos libros que catalogamos abaixo foron mercados cunha subvención moi xenerosa para material de biblioteca, recibida da Consellería de Cultura. ; Os nosos agradecimentos moi sinceros! Recordamos que a biblioteca, no local de Santiago, está aberta a socios e ó público en xeral para calquera consulta sobre historia natural e medio ambiente. Luns a Venres 7,30 a 9,00.

Falando moi brevemente dos libros que saíron recentemente, sinalamos os seguintes como de especial interese:

- a serie Biblioteca Visual Altea, con catro volumens xa traducidos ó galego. Para nenos de tódalas idades, o seu custo é de 1.600 pts e son libros francamente preciosos.

- "Guía de las Mariposas Diurnas de Galicia", por Eliseo Fernández: libro guapo, completo e riguroso: 2000 pts; e tamén "Guía das Bolboretas de Galicia", por Xosé Luís Iglesias e Xulio Astor Camino (Ed. Xerais): ; libro guapo, completo e riguroso! ... 3.500 pts.

- "Baldaío, Espazo Natural Protexido", varios autores: segundo título a aparecer na nova serie da editorial Bahía, 1.900 pts: parece interesante e útil.

Algúns dos libros que chegaron á nosa biblioteca son:

Caracoles terrestres de Galicia. Univ. de Santiago, 1986.

Guía de campo de las mariposas de España y Europa. Omega, 1984.

Guía de campo de las mariposas nocturnas de Europa y N.de África. Omega, 1980.

Guía de campo de los coleópteros de Europa. Omega, 1984.

Guía de las mariposas diurnas de Galicia. Dip.Prov.de A Coruña, 1991.

Flora alóctona gallega - I. Univ. de Santiago, 1988.

Árboles y arbustos de Europa. Omega, 1976.

Guía de las flores de Europa. Omega, 1988.

Guía das árbores e bosques de Galicia. Galaxia, 1992.

Guía de campo de las aves de España y Europa. Omega, 1991.

Guía dos mariscos de Galicia. Galaxia, 1985.

Guía de los hongos de Europa. Omega (4 tomos).

O río e a lagoa. Biblioteca Visual Altea, 1989.

Bolboretas e avelaíñas. Biblioteca Visual Altea, 1989.

A árbore. Biblioteca Visual Altea, 1989.

O paxaro e o seu niño. Biblioteca Visual Altea, 1989.

Máis separatas, revistas e catálogos ...

Guidelines for re-introductions. Re-introduction specialist group, Royal Botanic Gardens, Kew.

Reintroducción de especies y reforzamiento de poblaciones. Boga Heredia.

Bird Reintroduction Schemes in Britain. Nature Conservancy Council (Ornithology Branch)

Translocation of Living Organisms. IUCN Position Statement.

El Roal, boletín de difusión de "La garba ecologista", N°2, Feb. 92.

Boletín Galicia-Europa. N°14, Abril 92.

S.O.S. Animales. Boletín de comunicación da "Assoc. Nacional para la defensa de los Animales".

Una propuesta para el desarrollo de la energía eólica: Informe CODA 1992.

Panda. Revista trimestral de Adena WWF. Ano 10. N°37.

Birds Magazine. Revista da Royal Society for the Protection of Birds, Vol.14, N°2.

Estudios del Museo de Ciencias Naturales de Álava. Vol.6, 1991.

Boletín Le Heron, N°169

Conferencia Medio Ambiente y Desarrollo. U.N.C.E.D. Brasil 92 - M.O.P.T.

Catálogo da librería LINNEO - ; unha maravilla!

Catálogo de publicacións de Elsevier Science Publishers.

Índice de publicacións ambientais na base de datos do M.O.P.T.

LANDRAS DE SOBREIRA .


Pablo Rodríguez "Oitabén" está a buscar landras de sobreira (*Quercus suber*) para plantar no bosque de Ridimoas. Resultalle imposible atopalas, así que se lle podes axudar, chámalo a (988) 480062.

LAGOA DE LOURO

Se coñeces este espazo, coñecerás a caseta que hai ó lado da lagoa. Despois de largas negociacións, ; temos as chaves! Se a alguén lle interesa utilízala ou incluso encargarse de renovala como observatorio, ponte en contacto con Patiño (981) 537631.

A HISTORIA NATURAL DE AMÉRICA

Exposición moi recomendable no Pazo de Fonseca en Santiago, da flora, fauna e xeoloxía das Américas. Tódolos exemplares proceden do Museo de Historia Natural "Luís Iglesias" (con sede habitual na Facultade de Químicas). Horario: luns a venres, de 10 a 13 h e de 16.30 a 19.30, ata o 15 de decembro. ; Non perdas o oso formigueiro!



delegacións

SANTIAGO

En xuño participamos nun programa con motivo da "Cumbre da Terra" e o "Día Mundial do Medio Ambiente", e tamén na manifestación celebrada en Pontevedra en contra do Plan Forestal: despois, nunha visita ó Umia, vimos unha garza pequena. O día 4 de xullo fixémo-lo censo da anduríña do cu branco (*Delichon urbica*) na cidade de Santiago: atopamos un total de 60 niños ocupados e 37 desocupados. O ano pasado foron 49 ocupados e 31 desocupados. Este ano, a diferenza do pasado, estaban na Rúa de Concheiros e a Avenida de Salamanca. O grupo local de Rois, mentres tanto, anelaron 47 anduríñas (*Hirundo rustica*). Tamén estiveron de acampada en Louro-Muros durante unha semana. Aparte de observar moitos aves e pasalo moi ben, limparon a lagoa e os seus arredores: ; sacaron 30 bolsas grandes de lixo e aínda quedan!

Sentimos non menciona-las demais delegacións neste número: non é culpa deles senón da redacción de Paspallás por falta de tempo este mes. ; Habrá novas completas no próximo número!

¡FAITE SOCIO!

Para facerte socio da Sociedade Galega de Historia Natural durante un ano, fotocopia esta ficha, cóbrala, recórtala e mándaa á:

SGHN, Apdo 330, Santiago.

¡Apoia o noso labor a favor da natureza galega!

Apellidos: _____

Nome: _____

Data de nacemento: _____

Enderezo: _____

Localidade: _____

Provincia: _____

Teléfono: _____

Categoría de socio (indica con cruz):

- | | |
|---|-------------------------|
| <input type="checkbox"/> Plenario | cuota anual: 2.500 ptas |
| <input type="checkbox"/> Infantil (ata 12 anos) | 600 ptas |
| <input type="checkbox"/> Xuvenil (ata 18 anos) | 1.250 ptas |
| <input type="checkbox"/> Estudiante | 1.750 ptas |
| <input type="checkbox"/> Familiar | 3.750 ptas |
| <input type="checkbox"/> Protector (todaa vida) | 125.000 ptas |

En tódolos casos, recibirás o boletín "Paspallás" cada 2 meses.



Domiciliación:

Banco/Caixa: _____

Sucursal: _____

Nº de conta: _____

Sr. Director do Banco/Caixa de Aforros:

prégolle admita os recibos que no sucesivo lle

remita a Sociedade Galega de Historia Natural,

dende a data: _____

Sinatura: _____

REMITE: SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL,
APDO 330, SANTIAGO.

Os bosques desaparecen, os desertos esténdense, miles de millóns de toneladas de terra fértil van parar cada ano ó mar, numerosas especies extínguense, a presión poboacional e a pobreza conducen a esforzos desesperados para sobrevivir aínda a costa da natureza.

¿Que xefe de estado pronunciou esta frase en Río? Resposta: ¡no próximo número!

PASPALLÁS

Boletín da Sociedade Galega de Historia Natural

IMPRESOS